

SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO DÍA 23 DE MARZO DE 2021

No despacho da Alcaldía do Concello de Cambre, ás nove horas do día vinte e tres de marzo de dous mil vinte e un, baixo a presidencia do señor alcalde don Óscar A. García Patiño, reúnese en sesión telemática, a través da plataforma Zoom, a Xunta de Goberno Local, co fin de realizar a sesión ordinaria convocada para o efecto.

Asisten os concelleiros que a continuación se relacionan, segundo nomeamento efectuado mediante Resolución da Alcaldía número 1315/2019, de data 1 de xullo: don Juan González Leirós, dona Lúa Sanguiniedo Álvarez, don Daniel Mallo Castro e dona María Dolores Pan Lesta.

Non asisten, con escusa, dona Elisa Pestonit Barreiros, don Miguel Ángel Gutiérrez Nieto e don Diego Alcantarilla Rei.

Faise constar que asisten tamén ao acto don Ramón Boga Moscoso, concelleiro con delegación especial dos servizos de Turismo e Patrimonio, incluídos na Área de Presidencia; dona Mónica Varela Germade, concelleira con delegación especial do servizo de Cultura, incluído na área de Cultura, Deportes e Xuventude; e dona Patricia María Parceró Quiñoy, concelleira con delegación especial dos servizos de Medio Ambiente e Mobilidade, incluídos na área de Educación, Medio Ambiente, Mobilidade e Sanidade; isto en aplicación do disposto no artigo 133.3 do Regulamento orgánico municipal.

Intervén como secretaria accidental dona Verónica María Otero López.

Aberto o acto pola presidencia, examináronse os asuntos incluídos na orde do día da convocatoria.

1º. Aprobación, se procede, do borrador da acta da sesión ordinaria do día 16 de marzo de 2021

O señor presidente pregunta aos asistentes se desexan formular algunha observación ao borrador da acta correspondente á sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local de data 16 de marzo de 2021 e, ao non se formular, a Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco membros presentes na sesión, aprobou o citado borrador.

2º. Boletíns e correspondencia

- Orde do 9 de marzo de 2021, da Consellería de Cultura, Educación e Universidade, pola que se establecen as bases reguladoras da subvención a entidades locais de Galicia para a programación de actividades de dinamización da lectura nas bibliotecas e/ou axencias de lectura públicas de titularidade municipal integradas na Rede de bibliotecas públicas de Galicia, e se procede á súa convocatoria para o ano 2021 (código de procedemento CT236A). (Diario Oficial de Galicia número 55, do 23 de marzo de 2021).

- Resolución do 8 de marzo de 2021, do Servizo Provincial da Coruña, pola que se sinala data para o levantamento de actas previas á ocupación e formalización de actas de ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción denominado *Reformulación do proxecto de itinerario peonil e ciclistas na AC-214, Sigrás, puntos quilométricos 8+500-9+260, AC/18/186.06, no concello de Cambre*. (Diario Oficial de Galicia número 55, do 23 de marzo de 2021).

3º. Informe das resolucións ditadas pola alcaldía e polos concelleiros delegados da área dende a anterior Xunta de Goberno Local



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Os presentes danse por informados das resolucións da alcaldía e concellerías delegadas de área ditadas dende o día 12 ao día 17 de marzo do ano que andamos, que comeza coa resolución do concelleiro delegado da área de Urbanismo e Obras número 359/2021 e remata coa resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos número 384/2021, segundo se relaciona a seguir:

Nº decreto	Data sinatura	Asunto
359/2021	12-03-2021	Denuncia estado ruinoso de propiedade lindeira á súa vivenda, na parcela sita en praza San Marcos, Anceis. Propietario: FRC
360/2021	12-03-2021	Solicitude de subvención do servizo de socorrismo na piscina municipal Castros do Bosque Cecebre ao abeiro da convocatoria de programas de promoción económica
362/2021	12-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria da Xunta de Goberno Local do día 16 de marzo de 2021
363/2021	12-03-2021	Concesión axuda aluguer por importe total de 750 euros. Solicitante: EYRL
364/2021	12-03-2021	Asistencia técnica para estudo de localizacións e análise xeográfico para instalación de nodos de wifi para xestión integral de instalacións municipais
365/2021	12-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 52.784,20 €
366/2021	15-03-2021	Convocatoria da sesión ordinaria conxunta das Comisións Informativas do día 18 de marzo de 2021
367/2021	15-03-2021	Estimación alegacións expediente sancionador de tráfico
368/2021	15-03-2021	Aprobación de certificacións correspondente á obra Remodelación praza Europa en Cambre (fase I), recoñecemento e liquidación de obrigas correspondentes á factura por importe total de 34.085,25 euros, así como o seu pagamento
369/2021	15-03-2021	Indemnización por prestación sen contrato do servizo de escolas de actividade física e de saúde e actividades físico-recreativas de verán municipais, promovidas polo departamento de Deportes do Concello de Cambre. Outorgamento prazo de achega de documentación
370/2021	15-03-2021	CM_Gravación programa Nourora/Letras Galegas 2021
371/2021	15-03-2021	Aprobación da liquidación do IRPF de persoal do mes de febreiro de 2021 e o seu pagamento
372/2021	15-03-2021	Aprobación de facturas, recoñecemento e liquidación de obrigas por importe total de 49.386,30 euros
373/2021	15-03-2021	Levantamento dos reparos formulados pola Intervención municipal relativos ao contrato menor para as obras de mantemento e reparación nos polideportivos municipais do Concello de Cambre e no edificio da escola municipal de música
374/2021	15-03-2021	Nomeamento de técnico de protección civil interino
375/2021	15-03-2021	Alegacións presentadas e lista definitiva de admitidos/as excluídos/as ao concurso para a selección dun/ha bibliotecario/a-arquiveiro/a interino/a e elaboración de lista de candidatos para nomeamentos de bibliotecarios/as arquiveiros/as interinos/as
376/2021	16-03-2021	Concesión de axuda emerxencia social alimentos por un período máximo



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

		de 18 meses, condicionada ao cumprimento do proxecto. Solicitante: ICCC
377/2021	16-03-2021	Concesión de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: AVMVV
378/2021	16-03-2021	Concesión de licenza administrativa para a tenza de animais potencialmente perigosos. Solicitante: ARLB
379/2021	16-03-2021	Recoñecemento extraxudicial de créditos exp. 1/2021 alcaldía
380/2021	16-03-2021	Expedientes sancionadores de tráfico
381/2021	17-03-2021	Aprobación de facturas e recoñecemento de obrigas con reparos da Intervención por importe total de 6.750,13 €
382/2021	17-03-2021	Contratación de probas PCR (Covid-19) para a realización do traballo en centros de persoas dependentes por parte do alumnado-traballador sociosanitario. Obradoiro de Emprego PROXEDIS- PROWEB II
383/2021	17-03-2021	Reposición legalidade urbanística por obras de reforma interior da primeira planta da vivenda sita en Galiñeiros, Cecebre sen axustarse á comunicación previa presentada. Propiedade: MJCC
384/2021	17-03-2021	Corrección de erros Resolución da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos núm.1947/2020 de data 14/12/2020, para instalación dun aseo nas novas dependencias de Servizos Sociais para o persoal

A continuación, a Presidencia, ao abeiro do establecido no artigo 133 do Regulamento orgánico municipal respecto de que as sesións da Xunta de Goberno Local se axustarán ao establecido para o Pleno, somete a votación ordinaria a declaración de urxencia das propostas en relación cos seguintes asuntos:

- Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000005, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adjudicación de apreciación automática: factor prezo) da subministración a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre
- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Cambre Ocio, S.L.*, adxudicataria do “*Servizo de intervención socioeducativa coa xuventude para a realización de actividades de información e dinamización na Casa da Xuventude do Concello de Cambre.*”. Expediente: 2015/C004/000013
- Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Gestal y López, S.L.*, adxudicataria da obra “*Acondicionamento de beirarrúa na Barcala*”. Expediente: 2018/C003/000018

sendo aprobada a urxencia da totalidade das propostas por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á Xunta de Goberno Local.

A) Aprobación do expediente de contratación núm. 2021/C005/000005, por procedemento aberto simplificado (cun único criterio de adjudicación de apreciación automática: factor prezo) da subministración a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 18 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Con data do 15 de marzo de 2021, elaborouse pola xefa da Unidade de Réxime Interior, co conforme do xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, a memoria xustificativa da necesidade, idoneidade, insuficiencia de medios, motivación da non división en lotes e xustificación da elección do procedemento, para a contratación da "Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre", cun valor estimado de 50.057,34 euros e un orzamento base de licitación de 18.079,36 euros (IVE incluído).

Con data do 15 de marzo de 2021, os citados técnicos asinaron o prego de prescricións técnicas da contratación, así como o informe técnico relativo aos criterios de valoración, solvencia esixible aos licitadores, penalizacións e resolución do contrato, informe que foi modificado posteriormente con data 17 de marzo de 2021.

Consta documento de retención de crédito asinado polo interventor municipal o 12 de marzo de 2021, respecto da existencia no orzamento de 2021 de crédito suficiente na aplicación orzamentaria 920.22000 *Ordinario non inventariable Administración xeral*.

Respecto do procedemento de adjudicación, na memoria xustificativa propónse como procedemento de adjudicación o procedemento aberto simplificado, iso a teor do establecido nos artigos 131.2 e 159.1 da LCSP.

Consta a providencia da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 15 de marzo de 2021, de inicio do expediente de contratación, propoñendo o procedemento aberto simplificado, de conformidade co establecido no artigo 159.1 da LCSP.

Visto o informe emitido pola secretaria xeral e interventor municipal, de data 18 de marzo de 2021, favorable á aprobación do expediente de contratación, e que contén a proposta de acordo a adoptar.

Constando todos os documentos preceptivos, e tendo en conta as atribucións que me foron conferidas polo señor alcalde segundo a Resolución núm. 1323/2019, do 1 de xullo, así como a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta de Goberno Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño a adopción do seguinte **ACORDO**:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se pretende satisfacer a necesidade de subministrar papel para fotocopiadoras e impresoras, así como material de oficina xeral non especializado, co fin de dotar aos distintos centros, departamentos e servizos municipais do Concello de Cambre dos medios necesarios para a realización dos labores de xestión administrativa que teñen encomendados, todo isto segundo o material relacionado no Anexo I do prego de prescricións técnicas, así como outro material de oficina non incluído no dito anexo, pero que forme parte do catálogo xeral dentro das categorías de adjudicación, e cuxa adquisición así se requira dentro do prazo en vigor do contrato (Cláusula 9 do PPT e cláusula 3.1 do PCAP).

Estase atendendo ao mandato constitucional establecido no artigo 103.2 que determina que "A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito."

Así como o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que determina que forman parte do sector público as entidades que integran a Administración Local, e que no seu artigo 3.1., apartados a) e j) establece entre os principios xerais que rexen a súa actuación os de servizo efectivo aos cidadáns e o de economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

O Concello de Cambre, como calquera outra Administración, necesita material de oficina para o correcto desenvolvemento da súa actividade, especialmente para o cumprimento dilixente das súas funcións.

Non se entende que as relacións cos administrados, con outras administracións e o traballo do persoal ao servizo desta administración non se atopen dotados do material necesario para desenvolvelo.

Con isto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000005, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adxudicación (de apreciación automática: factor prezo) correspondente a:

- Obxecto do contrato: Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación máximo: 18.079,36 euros IVE incluído
- Valor estimado: 50.057,34 euros
- Prazo de execución : 1 ano, a contar dende o día seguinte á sinatura do contrato en documento administrativo, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22000, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

O xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero e, como suplente, a responsable da Axencia de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Ana María Portela Torrón

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a revisión do prezo do

contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto ao 10 % de posible aumento do número de unidades a subministrar , consonte ao artigo 301.2 LCSP.

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.»

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 22 de marzo de 2021 na que, advertido un erro material na transcripción da relación de produtos a subministrar, unidades de referencia, prezo unitario, total anual estimado e prezo unitario máximo (gastos xerais e beneficio industrial incluído, sen IVE), incluídos na táboa que se incorpora como Anexo IV do prego de cláusulas administrativas, asinado pola secretaria xeral con data 18 de marzo de 2021, para esta contratación, erro producido pola superposición de dúas filas da citada táboa, o que ocasionou que se alterara a súa orde, e que os datos non concorden cos que constan no prego de prescricións técnicas, polo que propón a corrección do dito Anexo IV antes da súa aprobación.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, acordou:

Primeiro: Declarar motivada no expediente a necesidade do contrato, ao tratarse dunha prestación coa que se pretende satisfacer a necesidade de subministrar papel para fotocopiadoras e impresoras, así como material de oficina xeral non especializado, co fin de dotar aos distintos centros, departamentos e servizos municipais do Concello de Cambre dos medios necesarios para a realización dos labores de xestión administrativa que teñen encomendados, todo isto segundo o material relacionado no Anexo I do prego de prescricións técnicas, así como outro material de oficina non incluído no dito anexo, pero que forme parte do catálogo xeral dentro das categorías de adxudicación, e cuxa adquisición así se requira dentro do prazo en vigor do contrato (Cláusula 9 do PPT e cláusula 3.1 do PCAP).

Estase atendendo ao mandato constitucional establecido no artigo 103.2 que determina *que “A Administración Pública serve con obxectividade os intereses xerais e actúa de acordo cos principios de eficacia, xerarquía, descentralización, desconcentración e coordinación, con sometemento pleno á lei e ao dereito.”*

Así como o artigo 2 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, que determina que forman parte do sector público as entidades que integran a Administración Local, e que no seu artigo 3.1., apartados a) e j) establece entre os principios xerais que rexen a súa actuación os de servizo efectivo aos cidadáns e o de economía, suficiencia e adecuación estrita dos medios aos fins institucionais.

O Concello de Cambre, como calquera outra Administración, necesita material de oficina para o correcto desenvolvemento da súa actividade, especialmente para o cumprimento dilixente das súas funcións.

Non se entende que as relacións cos administrados, con outras administracións e o traballo do persoal ao servizo desta administración non se atopan dotados do material necesario para desenvolvelo.

Con isto queda acreditada a natureza e extensión das necesidades que se pretenden cubrir, idoneidade do obxecto e contido para satisfacelas, segundo se deriva da documentación e proxecto obrante no expediente, todo isto de conformidade co establecido no artigo 28 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (en adiante LCSP).

Segundo: Declarar o expediente de contratación ordinario e, de conformidade co artigo 117.1 da LCSP, aprobar o contido íntegro do expediente de contratación núm. 2021/C005/000005, por procedemento aberto simplificado, cun único criterio de adjudicación (de apreciación automática: factor prezo) correspondente a:

- Obxecto do contrato: Subministración, a prestar de forma sucesiva, en función das necesidades e por prezo unitario, de papel e material de oficina para o Concello de Cambre
- Orzamento base de licitación máximo: 18.079,36 euros IVE incluído
- Valor estimado: 50.057,34 euros
- Prazo de execución : 1 ano, a contar dende o día seguinte á sinatura do contrato en documento administrativo, con posibilidade de dúas prórrogas de 1 ano de duración cada unha

isto a teor do establecido nos artigos 131.2, 145.1 e 159.1 da LCSP, coa corrección do erro material detectado no Anexo IV do prego de cláusulas administrativas, segundo proposta da concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos, de data 22 de marzo de 2021.

Terceiro: Aprobar o gasto por conta da aplicación orzamentaria 920.22000, comprometéndose o Concello a consignar as cantidades que corresponda nos seguintes exercicios orzamentarios.

Cuarto: Tendo en conta o establecido na Disposición Adicional Segunda, punto 7, da LCSP, a mesa de contratación estará composta por:

Presidenta: A concelleira delegada da Área de Economía, Facenda e Recursos Humanos dona María Dolores Pan Lesta e, como suplente, o concelleiro delegado da Área de Urbanismo e Obras, don Juan González Leirós

Vogais: A secretaria xeral da Corporación dona María Luisa de la Red Ampudia e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente a substitúa

O interventor municipal don Francisco Javier Ulloa Arias e, como suplente, o/a funcionario/a que legalmente o substitúa

A técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, responsable de Contratación, dona María Fernanda Montero Carré e, como suplente, o técnico de administración xeral adscrito á Área de Urbanismo, don Fernando M. Garrido Negreira

O xefe da Área de Urbanismo e Réxime Interior, don Emilio Martínez Cubero e, como suplente, a responsable da Axencia de Desenvolvemento Socioeconómico, dona Ana María Portela Torrón

Secretaria: A auxiliar administrativa adscrita ao Departamento de Secretaría dona M^a del Juncal Capín Fonseca e, como suplente, a técnica de xestión de Administración xeral adscrita a Secretaría, dona Verónica María Otero López.

Cuarto: De conformidade co establecido no art. 103 da LCSP, e cláusula 6 do prego de cláusulas administrativas particulares, establécese a improcedencia da revisión de prezos, polo que non se realizará a

revisión do prezo do contrato, sen prexuízo do previsto no prego de cláusulas administrativas particulares respecto ao 10 % de posible aumento do número de unidades a subministrar , consonte ao artigo 301.2 LCSP.

Quinto: Publicar o correspondente anuncio de licitación no Perfil do Contratante do Concello de Cambre, integrado na Plataforma de Contratación del Sector Público do Estado, de conformidade co establecido nos artigos 63 e 135 da LCSP, con publicación dos documentos do expediente que conteñen a información a que se refire o artigo 63.3 da citada lei.

B) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa *Cambre Ocio, S.L.*, adxudicataria do “Servizo de intervención socioeducativa coa xuventude para a realización de actividades de información e dinamización na Casa da Xuventude do Concello de Cambre. Expediente: 2015/C004/000013

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 15 de decembro de 2016, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Cambre Ocio, S.L.* para o “Servizo de intervención socioeducativa coa xuventude para a realización de actividades de información e dinamización na “casa de xuventude” do Concello de Cambre”.
Expediente 2015/C004/000013

Visto que no antedito expediente depositouse en metálico, na Tesourería municipal unha garantía definitiva de data 14/11/2016 e importe de 3.094,81 euros, con número de rexistro 698, para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido polo coordinador de actividades culturais e educativas , con data do 21 de febreiro de 2020.

Visto o informe de fiscalización favorable emitido pola Intervención Municipal con data do 18 de marzo 2021.

A teor do establecido nos arts. 102.2, 222.3 e 307 do (TRLCSPP) Real decreto legislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público e da Disposición Transitoria Primeira da Lei 9/2017 LCSP.

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019, do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a garantía definitiva depositada pola entidade “*Cambre Ocio, S.L.*”, con CIF B7008.... e enderezo na Praza Europa, nº4, 5-esquerda, 15660, Cambre, A Coruña, no expediente número 2015/C004/000013, para o “Servizo de intervención socioeducativa coa xuventude para a realización de actividades de información e dinamización na “casa de xuventude”.

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipal, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

C) Proposta de devolución de garantía definitiva á empresa Gestal y López, S.L., adxudicataria da obra “Acondicionamento de beirarrúa na Barcala”. Expediente: 2018/C003/000018

Vista a proposta da concelleira delegada da área de Economía, Facenda e Recursos Humanos de data 22 de marzo de 2021 que literalmente se transcribe a continuación:

«Visto que con data 10 de maio de 2019, asinouse o contrato entre o Concello de Cambre e a entidade *Gestal y López, S.L.* para a obra “Acondicionamento de beirarrúa na Barcala”. Expediente 2018/C003/000018

Visto que no antedito expediente depositouse unha garantía definitiva prestada mediante aval número 182000948667 con data 28/02/2019, depositado na Tesourería municipal con data 04/03/2019 por importe de 1.366,94 euros e con núm. de rexistro 870 para garantir a execución do contrato.

Visto que venceu o prazo de garantía aplicable desde a finalización do contrato, e cumprido satisfactoriamente o contrato sen que, por outra banda, o Concello fixese ningunha obxección ou reparo, isto segundo informe favorable emitido pola Enxeñeira técnica de obras públicas municipal, con data do 07 de outubro de 2020.

Visto o informe de fiscalización número NUM 72/2021 emitido pola Intervención Municipal con data do 18 de marzo de 2021.

A teor do establecido no art. 111 da Lei 9/2017 do 8 de novembro, de contratos do sector Público, pola que traspoñen ao ordenamento xurídico español as directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014 (LCSP).

En uso das atribucións que me foron conferidas polo señor Alcalde segundo a Resolución núm.1323/2019 do 1 de xullo, e tendo en conta a delegación de atribucións da Alcaldía a prol da Xunta Local efectuada mediante Resolución número 1324/2019, do 1 de xullo, propoño á Xunta de Goberno Local a adopción do seguinte **ACORDO:**

Primeiro: Devolver a *garantía definitiva* depositada pola entidade “*Gestal y López, S.L.* con CIF B1546.... e con enderezo en Queirúa s/n, 15680 Ordes, A Coruña no expediente número 2018/C003/000018 para a obra “Acondicionamento de beirarrúa na Barcala”.



CONCELLO DE
CAMBRE
R.E.L. 01150177

Segundo: Notifíquese ao interesado, facéndolle saber que, de conformidade co establecido no artigo 114 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, estes acordos poñen fin á vía administrativa, polo que, a teor do establecido nos artigos 112 e 123 da citada lei, poderán recorrerse potestativamente en reposición ou impugnalos directamente ante a xurisdición contencioso-administrativa.

O prazo para interpoñer o recurso de reposición é dun mes a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo ante o señor alcalde (artigo 124 da Lei 39/2015 e artigo 21.1 k) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local).

O prazo para interpoñer o recurso contencioso-administrativo é de dous meses a contar dende o día seguinte á recepción da notificación e deberá presentalo perante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña ou a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (segundo a distribución competencial establecida nos artigos 8 e 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa), todo isto sen prexuízo de que poida exercitar, de ser o caso, calquera outro recurso que estime procedente.

Terceiro: Notificar o presente acordo aos Departamentos de Intervención e Tesourería municipais, para os efectos oportunos.»

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos cinco concelleiros asistentes á sesión, aprobou a proposta tal e como foi transcrita.

E non habendo máis asuntos que tratar, remata a sesión sendo as nove horas e dez minutos, do que eu, secretaria, certifico.

O presidente

Óscar A. García Patiño

A secretaria accidental

Verónica María Otero López